Roteiro de Ponte Taboada

A través da devesa de Liñares

Percorrido lineal dende o Pazo de Liñares ata Ponte Taboada.
Distancia 2,2 km. Ida e volta suman 4,4 km.
Enlace ata a Xunta dos ríos 1 km.
Dificultade baixa,

Ponte Taboada

Máis de mil cen anos de historia

Ponte Taboada é unha ponte medieval situada no antigo camiño real que unía as cidades de Santiago e Ourense. Seguramente substituíu a outra anterior de madeira da que tomaría o nome (Pons Tabulata). En desuso pola construción das estradas, hoxe cruzan esta ponte os peregrinos que se dirixen a Compostela polo Camiño Sueste. Edificouse sobre dúas penedas e ten un só arco situado a 9 metros sobre o río Deza.



Inscrición: "Labrouse esta ponte na era 950 e rematouse o 31 de marzo". A era 950 correspóndese co ano 912. No ano 2012, Ponte Taboada cumpriu mil cen anos de historia.